



CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL PARA PRESTAR SERVIZOS AO CONCELLO DE RIOTORTO COMO TRABALLADOR/A SOCIAL.

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a selección dun (1) traballador/a social, a xornada completa, para que preste os seus servizos no Concello de Riotorto, para o reforzo dos servizos sociais, baixo a dirección e coordinación da persoa responsable do departamento de servizos sociais, en virtude da financiación do plan concertado de servizos sociais e vinculada a dita financiación.

SEGUNDA. NATUREZA DO CONTRATO.

O réxime xurídico do contrato será a de persoal laboral temporal, de duración determinada (ata o 23 de decembro de 2026 por substitución da traballadora titular por excedencia) a xornada completa, por obra ou servizo determinado, modalidade establecida no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

O primeiro mes do contrato de traballo, constitúen o período de proba.

TERCEIRA. LEXISLACIÓN APLICABLE.

Esta contratación laboral rexerase polo disposto:

- Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico del Empleado Público.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Real Decreto lexislativo 1/2008 de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei da función pública de Galicia
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes.
- Lei 53/1984, 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

CUARTA. FINANZAMENTO.





CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

A presente contratación está financiada pola subvención concedida pola Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

A contía das retribucións e cotas da Seguridade Social serán imputables ás partidas do orzamento corrente de gastos do Concello de Riotorto.

QUINTA. PUBLICIDADE.

As presentes bases serán publicadas na páxina web, na sede electrónica do concello e no Taboleiro de Anuncios municipal. Publicarase un extracto da convocatoria no BOP.

SEXTA. REQUISITOS DOS/AS INTERESADOS/AS PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO.

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados membros da Unión Europea, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros con residencia legal en España.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Estar en posesión do título de diplomatura universitaria en traballo social ou do título de grao en traballo social, aquelas outras que habiliten para o exercicio desta profesión regulada, segundo establecen a normativas estatal e comunitaria ou en condicións de obter o título na data en que remate o prazo de presentación de instancias, que deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.





CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

g) Estar en posesión do título de galego Celga 4 ou equivalente.

SÉTIMA. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

As instancias, dirixidas ao Sr. Alcalde, achegaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por sede electrónica (riotorto.sedelectronica.gal), en horario de oficina, 09:00-14:00, durante o prazo de cinco (5) días naturais a contar dende o día seguinte a publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Támén poderán remitirse na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Neste caso os solicitantes deberán comunicalo ou adiantar a solicitude enviada mediante correo electrónico (concelloderiotorto@infonegocio.com), durante o mesmo prazo de presentación de instancias. Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

OITAVA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

Os/as aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base Sexta, e achegarán:

- Fotocopia do D.N.I. e do permiso de conducir.
- Solicitude de participación (Anexo I).
- Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase do concurso, xunto cos documentos acreditativos correspondentes, segundo o establecido na Base Novena, en orixinal ou fotocopia autorizada por fedatario público, pois non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos, no momento da presentación da instancia.
- Fotocopia do certificado do título de diplomatura universitaria en traballo social ou do título de grao en traballo social.
- Fotocopia do título de galego Celga 4 ou equivalente.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Rematado o prazo dos cinco días naturais fixado para a presentación de solicitudes por Resolución de Alcaldía acordárase a aprobación da lista de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na sede electrónica da páxina web: <http://www.concelloderiotorto.gal>

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 5 días hábiles, contados a partires do seguinte ao da publicación do acordo, para poder emendar, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándolas ou desestimándolas no prazo de dous días hábiles coa publicación da lista





CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

definitiva no Taboleiro de anuncios. No caso de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo. De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ós/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente como paso previo á contratación que corresponda.

Coa publicación da lista definitiva se determinará pola Alcaldía a data de celebración dos exercicios e o lugar, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na sede electrónica da páxina web: <http://www.concelloderiotorto.gal>

A data de valoración dos méritos será determinada polo Tribunal.

NOVENA. SELECCIÓN DOS/AS TRABALLADORES/AS.

O proceso selectivo será o concurso-oposición, e a nota final será a resultante da suma das dúas fases.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos/as do DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade, ao xuízo do tribunal.

Soamente accederán a fase de concurso, aqueles/as que houbesen superado a fase de oposición.

Tódolos exercicios da fase de oposición serán obrigatorios e eliminatorios, debendo alcanzarse a puntuación mínima establecida en cada un deles, para poder acceder ao posterior exame ou fase de selección.

No caso de empate final na puntuación entre os aspirantes, este resolverase a favor de aquel que teña maior puntuación seguindo a orde de puntuación do proceso selectivo establecido na presente base comezando pola fase de oposición.

1. Oposición. Proba de coñecementos. Puntuación máxima 6 puntos.

Os/as aspirantes, previamente a fase de concurso, deberán superar a fase de oposición, que consistirá na realización dun exercicio, eliminatorio, tipo test.

- a) Exercicio obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 30 preguntas tipo test, con 6 preguntas de reserva, en relación co temario xeral e específico relacionado co anexo II. Neste exercicio cada pregunta constará de catro posibles respostas, sendo soamente unha correcta, e non puntuando as preguntas non contestadas. Por cada pregunta correcta otorgarásen 0,20 puntos e por cada incorrecta restarase 0,10 puntos.

A puntuación máxima deste exercicio será de 6 puntos.

Para superar este exercicio e proceder á valoración de méritos os aspirantes deberán acadar unha puntuación mínima de 3 puntos.

2. Os méritos serán valorados cuantitativamente polo Tribunal de selección que se constitúa, e os méritos dos aspirantes serán valorados como se indica a continuación. Puntuación máxima na fase de concurso 4 puntos.





CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

Na selección valoraranse os seguintes méritos:

A)Experiencia. Máximo 2,50 puntos :

- Por servizos prestados na Administración Pública en postos con funcións propias da praza que se aspire aos que se concorre: 0,05 puntos / mes. Non se computarán os períodos inferiores ao mes.

- Por servizos prestados en empresas privadas en postos equivalentes aos que se concorre na Administración Pública : 0,025 puntos/mes. Non se computarán os períodos inferiores ao mes .

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados:

-No caso de traballadores por conta allea: a través de, copia cotexada de contrato de traballo e informe de vida laboral elaborado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, ou ben, de certificado, no caso da Administración, ou certificado de empresa, no caso da empresa privada, sempre que quede acreditado de forma clara e expresa, a duración do contrato, traballo desempeñado e xornada; no caso de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo, deberá achegarse ademais informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

B) Formación, sempre que teñan relación directa coas actividades ao desenvolver no posto de traballo ó que se opta, valorarase a formación nas materias propias do posto. Máximo: 1,50 puntos.

Cursos de máis de 301 horas: 1 punto/curso.

Cursos de entre 101 e 300 horas: 0,75 puntos/curso.

Cursos de entre 51 e 100 horas: 0,40 puntos/curso.

Cursos de entre 15 e 50 horas: 0,20 puntos/curso.

A formación dos/as traballadores/as acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. Non se valorarán as accións formativas nas que non se acredite o número de horas.

Non se valorarán as asistencias a xornadas nin conferencias. Só se valoraran os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados. Non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada. Os méritos non xustificadas documentalmente ou insuficientemente xustificadas non serán obxecto de valoración.

Os resultados dos exercicios da oposición e de concurso de méritos publicaranse no Taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na Sede electrónica da páxina web: <http://www.concelloderiotorto.gal>

Unha vez publicado o resultado do tribunal cualificador, os/as solicitantes terán un prazo de dous (2) días hábiles para a presentación de reclamacións. Esta reclamación será contestada nun prazo máximo de sete (7) días hábiles. Transcorrido o prazo sen reclamacións a lista provisional entenderase elevada automaticamente a definitiva. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas e publicarase a lista definitiva de puntuacións no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electronica do concello no prazo máximo de tres (3) días hábiles.





CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

DÉCIMA. TRIBUNAL

- 1) Os membros do tribunal cualificador serán designados por Decreto de Alcaldía.
- 2) O tribunal cualificador estará integrado por cinco (5) membros titulares sendo a súa composición a seguinte: presidente/a, secretario/a e vogais.

Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.
- 3) A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ningún.
- 4) A resolución co nomeamento do tribunal, xuntamente coa lista definitiva de admitidos/as, publicarase no taboleiro de anuncios da corporación, así como na sede electrónica do concello.
- 5) Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Sr. Presidente cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público
- Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015.
- 6) A partir da sesión de constitución o tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e as bases reguladoras de esta convocatoria.
- 7) No caso de ausencia do/da presidente/a titular e do/da presidente/a suplente actuará no seu lugar o/a vogal designado en primeira orde.
- 8) O Tribunal, previo nomeamento por Resolución de Alcaldía, poderá contar con asesores/as especialistas para a realización de todas ou algunha das probas.
- 9) Os membros do tribunal e os/as asesores/as que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida.

UNDÉCIMA. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Valorados tódolos méritos alegados polos/as aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o tribunal formulará a correspondente proposta de designación a favor dos/as candidatos/as que obtivesen a maior puntuación.

O/a aspirantes proposto/a achegará no prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do concello os documentos seguintes (sempre que non os tivese presentado coa solicitude):

-Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.

-Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

-Certificado de titularidade da conta bancaria.





CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

-Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.

- Certificado médico.

De non presentarse a documentación no prazo establecido, requirírase ao seguinte da lista por orde de puntuación para que presente a documentación anteriormente sinalada.

Finalizada a selección formalizarase o oportuno contrato laboral temporal de traballo.

O órgano de selección é competente para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo funcionamento de esta convocatoria.

Todos os avisos, citacións e convocatorias que se realicen aos/ás aspirantes, que non sexan os/as que obrigatoriamente se mencionan nestas bases, realizaranse unicamente por medio do taboleiro de Edictos do Concello e na sede electrónica.

DUODÉCIMA. BOLSA DE TRABAJO

As persoas que superasen o proceso selectivo e non resultasen aprobadas por non obter a puntuación máis alta de entre todos os aspirantes, pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, podendo ser chamadas (sempre respectando a orde de listaxe) para cubrir baixas ou vacantes da praza de traballador/a social.

DÉCIMO TERCEIRA. RECURSOS.

Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Riotorto no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

En Riotorto, a 22 de decembro de 2025.

O Alcalde,

Asdo.: Clemente Iglesias González.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE





CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

ANEXO I (modelo de instancia)

SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NA CONVOCATORIA DO CONCELLO DE RIOTORTO PARA A CONTRATACION DUN POSTO DE TRABALLADOR/A SOCIAL A XORNADA COMPLETA CONFINANCIADO POLA XUNTA DE GALICIA.

D./D.^a,con
DNI.....,nado/-a(data nacemento), veciño/-a
de.....,con enderezo a efectos de notificación
en.....teléfono
.....,

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/a ás probas selectivas de acceso para a cobertura de unha praza de traballador/a social.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para dita convocatoria e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria, así como os xustificantes dos méritos alegados:

(relación de documentación esixida e de méritos alegados)

Polo tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o posto arriba indicado.

Riotorto, de de 2025
(sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIOTORTO





CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

ANEXO II

TEMARIO

A) MATERIAS COMÚNS.

Tema 1.- A Constitución Española de 1978 e principios xerais desta. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 2.- Principios de actuación das Administracións Públicas. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación dos servizos. A administración electrónica.

Tema 3.- As fontes do Dereito Público na Administración Local. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os dereitos das persoas nas súas relacións coas administracións públicas.

Tema 4.- Os dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución.

Tema 5.- O Municipio no réxime local: as súas competencias. Órganos de decisión colexiados e unipersonais e organización complementaria.

Tema 6.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. A responsabilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 7. Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

Tema 8. Lei 8/2016, do 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

Tema 9. Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

Tema 10. Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á historia social única electrónica.

Tema 11. Decreto do 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil. Texto consolidado coas modificacións posteriores. Lei de Enxuzamento Civil, Lei 1/2000, do 7 de xaneiro. Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia. Lei 10/2007, do 28 de xuño, de reforma da disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia. Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, modificado polo Decreto 146/2014, do 13 de novembro. Lei 15/2015, do 2 de xullo, da Xurisdición Voluntaria.

Tema 12. Sistema Galego de Servizos Sociais. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.





CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

Tema 13. Sistema Galego de Servizos Sociais. Estrutura do sistema. Niveis de actuación e funcións.

Tema 14. Definición e obxectivos do Sistema Galego de Servizos Sociais.

Tema 15. Catálogo de Servizos Sociais.

Tema 16. Equipo profesional no Sistema Galego de Servizos Sociais. Profesional de referencia.

Tema 17. Funcións do/a Traballador/a Social.

Tema 18. Órganos consultivos e de participación en Servizos Sociais.

Tema 19. Estrutura e xestión orzamentaria no ámbito dos Servizos Sociais municipais.

Tema 20. Calidade nos Servizos Sociais. Lei 1/2015. Normativa de cartas de servizos. Decreto 148/2004, do 1 de xullo, sobre Cartas de servizos e observatorio de Calidade. Orde do 12 de setembro de 2012 pola que se aproba a carta de servizos do sistema para a autonomía e atención á dependencia.

Tema 21. Proceso de intervención das UTS.

Tema 22. Proceso metodolóxico. Estudo e investigación no proceso metodolóxico. Diagnóstico no proceso metodolóxico.

Tema 23. Planificación e programación no proceso metodolóxico. Execución e proxecto de intervención no proxecto metodolóxico.

Tema 24. Avaliación no proxecto metodolóxico.

Tema 25. Técnicas de traballo social.

Tema 26. Instrumentos específicos de traballo social.

Tema 27. Ética profesional. Código Deontolóxico. Preámbulo. Descrición e ámbito de aplicación. Principios Xerais da Profesión. Dereitos e deberes das/dos Traballadoras/es Sociais. Relación coa persoa usuaria. Relación con outros/as profesionais. Relación coas institucións.

Tema 28. Código Deontolóxico. A confidencialidade e segredo profesional. As Comisións Deontolóxicas.

Tema 29. Código de Ética da Federación Internacional de Traballadores Sociais. Principios Básicos do Traballo Social.

Tema 30. A protección de datos. Normativa. -Ámbito, definicións e Principios. Regulamento de medidas de seguridade. Niveis de seguridade. Documentos de seguridade. Dereitos das persoas. Cesión a concelleiros da Historia Social. Informe 2014 0182 da Axencia Española de Protección de Datos.

Tema 31. Servizos Sociais Comunitarios. Servizos sociais comunitarios básicos. Requisitos xerais dos centros de servizos sociais comunitarios básicos. Expediente único, sistema de información social básico.

Tema 32. Ferramentas informáticas para o/a traballador/a social en Galicia: SIUSS, MATIASS, SIGAD, HSUE, Aplicacións informáticas para a elaboración de xenogramas. Soportes documentais nos servizos sociais comunitarios.

Tema 33. Definicións do SAAD. Niveis de protección SAAD. Graos de dependencia e baremos de valoración. Requisitos xerais para o acceso ás prestacións do SAAD e incompatibilidades. Catálogo de servizos SAAD. Prestacións Socio- económicas. Libranzas do SAAD: Libranza vinculada ao servizo. Libranza para cuidados no contorno familiar. Libranza de asistencia persoal.

Tema 34. Dependencia. Valoración e recoñecemento da situación de dependencia. Valoración e recoñecemento da situación de dependencia nos supostos de emerxencia social. Valoración e recoñecemento da situación de dependencia para menores de 3 anos.

Tema 35. Dependencia. Programa de asignación de recursos (PAR). Elaboración do PIA. Seguimento do PIA. O SAF no marco dos Sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia e o SAF Básico.





CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

Tema 36. Colectivo: Familia e Infancia. Intervención en casos de maltrato infantil. Protocolo básico de actuación. Actuacións perante situacións de desprotección: risco e desamparo.

Tema 37. Colectivo: Familia e infancia. Programas. Adopción nacional e internacional. Acollemento familiar. Puntos de Encontro Familiar. Mediación familiar. Programa de atención a familias con problemas cos seus fillos (Terapia familiar). Equipos do menor. Atención a menores que teñan que cumprir medidas xudiciais.

Tema 38. Colectivo: Familia e infancia. Prestacións socioeconómicas. Axudas de inclusión social. Tarxeta benvida. Prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de 3 anos. Título de Familia numerosa.

Tema 39. Colectivo: Inclusión social. Recursos. Centros. Programas. Servizos.

Tema 40. Colectivo: Comunidade. Recursos.

Tema 41. Colectivo: Discapacidade. Recursos. Prestacións socioeconómicas. Centros. Programas. Familias de especial consideración.

Tema 42. Colectivo: Drogodependencias. Recursos.

Tema 43. Colectivo: Maiores. Recursos. Prestacións socioeconómicas. Centros. Programas

Tema 44. Ordenanza reguladora do SAF no Concello de Ribeira de Piquín.

Tema 45. Servizos Sociais comunitarios. Normativa. Dotacións de persoal. Tipos de equipo profesional de servizos sociais comunitarios básicos. Programas e Servizos sociais comunitarios básicos. Servizos sociais comunitarios específicos. Dereitos e deberes das persoas usuarias. Dotacións de persoal.

Tema 46. Intervención social con vítimas de violencia de xénero.

Tema 47. Ordenanza de Teleasistencia Social no Fogar da Exma. Deputación de Lugo.

Tema 48. Normativa de Política Social. Ámbito internacional.

Tema 49. Normativa de Política Social. Ámbito nacional.

Tema 50. Colectivo: Migracións. Recursos.

Tema 51. Colectivo: Mocidade. Recursos.

Tema 52. Colectivo: Mulleres. Recursos.

Tema 53. Colectivo: Voluntariado. Recursos.

Tema 54. SAF. Convenio colectivo e funcións de persoal de axuda no fogar.

